



Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial de Piano Complementario.

Curso escolar 2024 / 2025

Profesor/a: M^a.Paz Fernández Negreira
Antonio García
Serxio Moreira



INDICE

1.Introdución	4	
2. Obxectivos xerais das ensinanzas	5	
2.1 Grao profesional	5	
3. Obxectivos específicos	6	
3.1 Grao profesional	6	
4. 1º CURSO (3º G.P.)	7	
4.1 Obxectivos		7
4.2 Contidos	7	
4.3 Avaliación	8	
4.3.1 Criterios de avaliación	8	
4.3.2 Mínimos esixibles	8	
4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	8	
4.3.4 Criterios de cualificación	9	
4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	9	
4.4 Medidas de recuperación	9	
4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	9	
4.4.2 Probas extraordinarias de xuño	10	
5. 2º CURSO (4º G. P.)	11	
5.1 Obxectivos		11
5.2 Contidos	11	
5.3 Avaliación	12	
5.3.1 Criterios de avaliación	12	
5.3.2 Mínimos esixibles	12	
5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	12	
5.3.4 Criterios de cualificación	13	
5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	13	
5.4 Medidas de recuperación	13	
5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios		13
5.4.2 Probas extraordinarias de xuño	14	

6. 3º CURSO (5º G.P.)	15	
6.1 Obxectivos		15
6.2 Contidos	15	
6.3 Avaliación	15	
6.3.1 Criterios de avaliación	15	
6.3.2 Mínimos esixibles	16	
6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	16	
6.3.4 Criterios de cualificación	16	
6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	17	
6.4 Medidas de recuperación	17	
6.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios		17
6.4.2 Probas extraordinarias de xuño	18	
7. 4º CURSO (6º G.P.)	19	
7.1 Obxectivos		19
7.2 Contidos	19	
7.3 Avaliación	20	
7.3.1 Criterios de avaliación	20	
7.3.2 Mínimos esixibles	20	
7.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	20	
7.3.4 Criterios de cualificación	20	
7.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	21	
7.4 Medidas de recuperación	21	
7.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios		21
7.4.2 Probas extraordinarias de xuño	22	
7.5 Recursos didácticos do grao profesional	23	
8. Metodoloxía	24	
9. Atención á diversidade	24	
10. Temas transversais	24	
10.1 Educación en valores	24	
10.2 Tratamento das TIC's	25	
11. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	25	
12. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica		26

13. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	26
14. ANEXOS	27
14.1 Probas de acceso a 1º curso	27
14.2 Probas de acceso a 2º curso	28
14.3 Probas de acceso a 3º curso	29
14.4 Probas de acceso a 4º curso	30
14.5 Premio Fin de Grao	31

1. Introducción

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e no artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro. A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Os alumnos acceden ao grao elemental con idades de entre 8 e 14 anos, amplo rango que determina grandes diferencias entre capacidades e tamén diferentes niveis educativos na ensinanza obrigatoria.

Os accesos a 1º curso de grao elemental non requiren nin valoran coñecementos previos, senón aptitudes. O resto dos cursos precisan do dominio dos contidos do curso anterior. Se os alumnos tiveran entrado no conservatorio coa idade mínima permitida de 8 anos, compatibilizarían o grao elemental cos cursos de 3º a 6º de primaria. Na práctica a franxa de idade é variable, porque neste grao poden acceder ata os 14 anos.

Relacións interdisciplinares:

Piano Complementario:

Na materia de instrumento o alumno adquiere unha técnica de base que lle posibilite a interpretación, por medio do dominio de diversos recursos de articulación, tempero, así como a preparación do instrumento para a obtención dunha correcta afinación, de diferentes repertorios vencellados ao propio instrumento.

Linguaxe musical:

Na materia de linguaxe musical, o alumno aprende a relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística. A finalidade da linguaxe musical é o desenvolvemento das capacidades vocais, rítmicas, psicomotoras, auditivas e expresivas, aspectos básicos que integran a práctica instrumental.

Educación auditiva e vogal:

Esta materia e a especialidade instrumental comparten os obxectivos de valorar a importancia da memoria como recurso indispensable así como afondar nas bases para o desenvolvemento auditivo (tímbrico, rítmico, melódico, formal, etc.).

2. Obxectivos xerais das ensinanzas

2.1 Grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- Analizar e valorar a calidade da música.
- Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

- Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

3. Obxectivos específicos

3.1 Grao profesional

- Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

- Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.

- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.

- Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.

- Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.

- Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do son.

- Ser capaz de ornamentar de acordo con criterios estilísticos, así como fomentar a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.

- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.



4. 1º CURSO DE PIANO COMPLEMENTARIO

4.1 Obxectivos

- Coñecer o instrumento e a súa morfoloxía
- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans
- Emitir un son estábel
- Coñecemento das características da escritura para gaita
- Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

4.2 Contidos

- Descrición, mantemento e coidados do instrumento.
- Principios de dixitación pianística.
- Aprendizaxe de música de oído
- Coñecemento dos pedais: as súas función e emprego como elemento técnico.
- Técnica instrumental básica.
- Prácticas de escritura musical.
- Rudimentos de análise.

- Adestramento progresivo e permanente da memoria.

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.

4.3 Avaliación

4.3.1 Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía

- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual

- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo

- Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.

- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

- Lectura á vista de pequenos fragmentos

4.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso

- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase

- Avaliación audicións trimestrais públicas

- Avaliación das probas prácticas trimestrais

- Exames escritos se fose necesario.

4.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 35% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 35% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)
- Clase Colectiva : 10%

No caso de non se impartir a optativa de Clase Colectiva, os criterios quedarán do seguinte xeito:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%
- Actitudinais: 20%

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4.4 Medidas de recuperación

4.4.1 Procedementos de recuperación trimestrais

Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.



Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

- O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

Se non se acadara unha cualificación positiva no exame, o alumno terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

4.4.2 Probas extraordinarias de xuño

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.



5. 2º CURSO DE PIANO COMPLEMENTARIO

5.1 Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas man
- Composición dunha obra propia.
- Coñecemento das características da escritura para piano.
- Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
- Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
- Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

5.2 Contidos

- Mantemento e coidados do instrumento.
- Iniciación ao emprego dos pedais
- Posición das mans. Rotación desprazamentos.
- Audicións e repeticións de frases comúns sinxelas.
- Enlaces de acordes e cadencias.
- Control do tempo e o ritmo.
- Lectura a 1ª vista con mans separadas, alternandoas de xeito separado.
- Iniciación á dicitación pechada: os 5 dedos.



- Prácticas de escritura musical.
- Rudimentos de análise.

5.3 Avaliación

5.3.1 Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura á vista de pequenos fragmentos

5.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais
- Exames escritos se fose necesario

5.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 35% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 35% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)
- Clase Colectiva : 10%

No caso de non se impartir a optativa de Clase Colectiva, os criterios quedarán do seguinte xeito:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%
- Actitudinais: 20%

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

5.4 Medidas de recuperación

5.4.1 Procedementos de recuperación trimestrais

Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

- O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

Se non se acadara unha cualificación positiva no exame, o alumno terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

5.4.2 Probas extraordinarias de xuño

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.



6. 3º CURSO DE PIANO COMPLEMENTARIO

6.1 Obxectivos

- Continuar coa adquisición de hábitos correctos de estudo.
- Composición dunha obra propia.
- Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Seguir fomentando a percepción auditiva do alumno.
- Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.
- Desenvolvemento da técnica instrumental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

6.2 Contidos

- Armonización e acpmto de melodías usando os acordes I-IV-V- e VI.
- Cortes, silencios e respiracións (articulación).
- Introducción e estudo das improvisacións.
- Iniciación aos cromatismos: escala cromática sinxelas.
- Prácticas de oído. Escalas e arpejos.-
- Exercicios de mecanismo.

6.3 Avaliación

6.3.1 Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía

- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura á vista de pequenos fragmentos

6.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

6.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais
- Exames escritos se fose necesario

6.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 35% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 35% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)
- Clase Colectiva : 10%

No caso de non se impartir a optativa de Clase Colectiva, os criterios quedarán do

seguinte xeito:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%
- Actitudinais: 20%

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

6.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

6.4 Medidas de recuperación

6.4.1 Procedementos de recuperación trimestrais

Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

- O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.
- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

Se non se acadara unha cualificación positiva no exame, o alumno terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

6.4.2 Probas extraordinarias de xuño

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.



7. 4º CURSO DE PIANO COMPLEMENTARIO

7.1 Obxectivos

- O alumno interpretará obras con notas do segundo rexistro
- O alumno interpretará obras con ornamentación
- O alumno deberá transcribir auditivamente pezas sinxelas.
- Práctica da lectura a primeira vista.
- Seguir fomentando o interese musical do alumno e a percepción auditiva do alumno.
- Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.
- Composición dunha obra propia.
- Desenvolvemento da técnica instrumental.
- Desenvolvemento da creatividade en xeral.

7.2 Contidos

- Escalas e arpexos (continuación).
- Practica de pezas con cifrado de acordes.
- Exercicios improvisados.A-B-A
- Exercicios en diversas tonalidades.
- Enlaces de acordes nas tres posicións.
- Tocar de oído e transcribir á partitura pezas tradicionais sinxelas.
- Pezas axeitadas ó nivel do alumno.



7.3 Avaliación

7.3.1 Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura á vista de pequenos fragmentos

7.3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

7.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais
- Exames escritos se fose necesario

7.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Técnicos: 35% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)

- Estéticos: 35% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Actitude/ Interese/ Comportamento/ Disciplina/Progreso/ Rendemento ...)
- Clase Colectiva : 10%

No caso de non se impartir a optativa de Clase Colectiva, os criterios quedarán do seguinte xeito:

- Técnicos: 40%
- Estéticos: 40%
- Actitudinais: 20%

*O alumno deberá superar o 40% da calificación de cada un dos apartados para ter opción a facer media e ter a posibilidade de aprobar.

7.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

7.4 Medidas de recuperación

7.4.1 Procedementos de recuperación trimestrais

Tendo en conta que non é posible perder o dereito a ser avaliado de maneira continua, o alumnado que non asista ás clases con regularidade —máis de tres ausencias non xustificadas por trimestre— poderá presentarse a unha proba específica ao final do trimestre que se realizará antes da sesión de avaliación. Nesta proba, o alumnado interpretará as obras e exercicios que integren o seu programa do trimestre (acordado previamente co profesor). Os criterios de cualificación desta proba serán os mesmos que os da proba extraordinaria.

Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

- O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.

- Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.

Se non se acadara unha cualificación positiva no exame, o alumno terá dereito a presentarse ás probas extraordinarias de xuño.

7.4.2 Probas extraordinarias de xuño

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudio axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

7.5 Recursos didácticos do Grao Profesional

REPERTORIO E BIBLIOGRAFÍA ORIENTATIVA

- BAL Y GAY, Jesús e MARTÍNEZ TORNER, Eduardo: Cancionero Gallego. La Coruña, Fundación Barrié de la Maza. 2008 (Edición crítica e fascímil da edición de 1942)
- BELLAS, David: 24 estudos tonais para gaita de fol. Dos acordes. 2012
- CALLE GARCÍA, Jose Luis: Aires da terra "la poesía musical de Galicia". Autoedición en Madrid, Jose Luis Calle García. 1993.
- CAMPOS, Ernesto: Caderno 2: Redondelana. Dos Acordes.2005.
- CAMPOS, Ernesto: Caderno 11: Luces do Atlántico. Dos Acordes. 2007.
- COSTA BLANCO, Iván: Tocatas Varias. Dos Acordes. 2007
- DELAVIGNE, Philibert: Les Fleurs.
- FILGUEIRA, Astrid e PRESEDO, Jose: Doce Polainas Enteiros. Edicións do Cumio. Vigo. 1999
- FILGUEIRA, Astrid e PRESEDO, Jose: De Pano sedán. Edicións do Cumio. Vigo. 2003.
- FOXO, Xose Lois: Os Segredos da Gaita. Escola provincial de gaitas da Deputación de Ourense.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Paulo: Caderno 6: Nove canções do Mimo morto e umha cançon de amor. Dos Acordes. 2006.
- GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Paulo: 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo 2011

8. Metodoloxía

A orientación pedagóxica da materia irá encamiñada á solventar as dificultades que se atopa ó alumno de adaptación ó instrumento. Para iso, no primeiro cuatrimestre do primeiro curso de grao elemental farase fincapé na utilización de *frauta rectificada* como paso previo.

As necesidades específicas do instrumento fan necesaria unha aula en boas condicións acústicas de insonorización, debido ao volume que pode acadar en certas obras e estilos.

En canto á metodoloxía específica, farase unha primeira toma de contacto nas primeiras sesións para obter datos específicos de forma que poidamos realizar unha avaliación sumativa, partindo dos coñecementos previos.

No primeiro curso de grao medio, isto faise especialmente importante pola proba de acceso mediante a cal puidesen acceder alumnos con carencias con respecto ó currículo de grao elemental.

As ferramentas de traballo na aula serán fundamentalmente as pezas, de forma que o alumno coñeza o repertorio fundamental da música tradicional así como o das cornamusas afíns. Isto completárase con exercicios, estudos, etc., específicos para solventar as distintas dificultades que están desenroladas nos

obxectivos do curso. Completárase coa realización de actividades como creación de pezas, transcripción, lectura de artigos, etc. para acadar os obxectivos propostos.

O traballo co instrumento completárase coa utilización da frauta rectificada e a percusión, como complemento á interpretación no instrumento.

9. Atención á diversidade

Para o alumnado con necesidades específicas contéplase os casos seguintes:

-Como se trata dunha especialidade de vento, en caso de ter algún problema relacionado co sistema respiratorio, traballaranse exercicios específicos de respiración, así como a utilización de instrumentos que serven para mellorar a capacidade pulmonar.

-No caso de ter algunha dificultade de tipo visual, o material de uso para a clase utilizarase dixitalizado, de forma que coas ferramentas informáticas poderemos facer fronte a estas dificultades

10. Temas transversais

10.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz,

da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

10.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. O aula telecentro do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da

comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

11. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, i estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. os alumnos e os seus

responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar ós alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

- Audicións. Programaranse como mínimo dúas audicións ao longo do curso (como orientación, realizaríase unha no segundo trimestre, e outra a finais do curso). Debemos valoralas na súa dupla vertente: a do/a alumno/a que toca, e que exercita a súa capacidade como solista ao tempo que pon en práctica os recursos técnicos e expresivos que vai adquirindo ao longo do curso, e a do/a alumno/a que asiste en calidade de público, que exercita o seu oído musical, ao tempo que valora o traballo dos seus compañeiros desenvolvendo o seu espírito crítico.

- Asistencia a concertos. Resultan positivos en todas as súas variedades: concertos de profesores, de agrupacións musicais do propio centro, de conxuntos doutros conservatorios, de orquestras profesionais, solistas internacionais, etc

- Visitas culturais: o centro poderá organizar saídas cunha finalidade artístico-cultural. Especificamente, pola condición dos estudos musicais, a estas alturas da formación do alumnado é máis que recomendable a visita ao taller dun luthier (podemos atopar luthiers profesionais no ámbito galego). Esta práctica permite aos

alumnos profundar no coñecemento físico do seu instrumento, así como realizar preguntas sobre o proceso de construción e reparación. Unha vez máis, estaríamos proporcionando ao alumnado elementos para o desenvolvemento dun criterio ben informado.

- Asistencia a ensaios de orquestras profesionais. No ámbito galego contamos con dúas orquestras profesionais, como son a Orquestra Sinfónica de Galicia, con sede na Coruña, e a Real Filarmonía de Galicia, radicada en Santiago. Para o alumnado resulta moi enriquecedor o contacto coa profesión e a posibilidade de observar un proceso de traballo real. Sería desexable redondear o exercicio mediante unha sesión de preguntas e respostas no caso de que o director e os músicos manifestasen a súa conformidade.

- Asistencia a cursos e talleres con profesores convidados. Favorece a apertura a outros procesos pedagóxicos e o contacto con alumnado pertencente a outras culturas

- Programación de audicións comentadas: na medida que permítan os recursos do centro, ou as posibles achegas do corpo docente, resultan moi estimulantes as proxeccións de videos ou a reprodución de discos de grandes obras e intérpretes, introducidos e comentados polo profesor. A actividade enriquecese en gran medida coa apertura dun debate posterior no que os/as alumnos/as poidan expoñer e confrontar as súas ideas.

12. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O procedemento de valoración, revisión desenvolvemento e resultado da programación didáctica desta materia realizarase por parte do profesorado que imparte á mesma mediante as probas internas de control, os posibles exames e/o audición se concertos ordinarios ou extraordinarios, reflectindo os resultados nas actas das reunións departamentais así coma nas actas das avaliacións trimestrais do centro.

13. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

O procedemento para realizar a avaliación interna do Departamento levarase a cabo polo conxunto de profesores que forman parte do mesmo e quedará reflectido na Memoria final do Departamento que se engadirá á Memoria Xeral do Centro. Na avaliación que realizará o departamento indicarase o número de alumnos da materia, baixas, aprobados, suspensos en tanto por cento, ao tempo que se sinalará aquelas circunstancias que sexan destacables do proceso de aprendizaxe do alumnado, tanto os obxectivos acadados coma os non acadados e as causas que motivaron os mesmos.



14. ANEXOS

14.1 Probas de acceso a 3º curso de Grao Profesional

- **O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba**

- **Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante**

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

- | | |
|---|------------|
| - Piano Complementario vol. 1 | E. Molina |
| - O Musigato. | R. MUSICAL |
| - Escola preliminar do pianista. Op.101 | F.M Beyer |
| - Iniciación ao piano de jazz | M. Lario |
| - Iniciación ao piano latino | M. Lario |
| - Outras obras similares | |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estarase ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

14.2 Probas de acceso a 4º curso de Grao Profesional

- O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba
- Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante
- Como mínimo unha das obras deberá ser cunha formación mínima de dúas persoas (o aspirante e un acompañante, como mínimo)

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Escola preliminar do pianista op.101. F.M. Beyer.
- El Piano. J.S. Bastien.
- Iniciación al piano de jazz. M. Lario
- Iniciación al piano latino. M. Lario

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estarase ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:

- Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Carisma/Actitude/ Interese/ Comportamento...)



14.3 Probas de acceso a 5º curso de Grao Profesional

- O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba

- Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante

- Como mínimo unha das obras deberá ser cunha formación mínima de dúas persoas (o aspirante e un acompañante, como mínimo)

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

- | | |
|---------------------|-----------------|
| - El Piano de Jazz. | M. Levine |
| - Musica per due. | Tchokov - Gemiu |
| - Estudios | J. Burmuller |
| - Sonatinas | M. Clementi. |
| - Microkosmos vº 2 | Béla Bartok |

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estarase ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:

- Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Carisma/Actitude/ Interese/ Comportamento...)



14.4 Probas de acceso a 6º curso de Grao Profesional

- O/a aspirante deberá consultar as programacións de probas de Acceso do resto de materias do curso ao que desexa realizar a proba
- Calqueira acompañamento correrá a cargo do aspirante
- Como mínimo unha das obras deberá ser cunha formación mínima de dúas persoas (o aspirante e un acompañante, como mínimo)

CONTIDOS

O aspirante deberá presentar unha proposta interpretativa persoal con tres obras de diversos estilos, das que como mínimo unha deberá interpretarse de memoria. Nesta proposta deberá demostrar un nivel técnico e expresivo e unha madurez musical acorde ao nivel esixido, así como unha estética acorde aos estilos e épocas escollidos.

O aspirante deberá entregar ao tribunal unha lista e copia das obras orixinais que vai interpretar.

As pezas que o requiran poderán ser acompañadas doutros instrumentos de ser o caso.

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Album de Ana Magdalena J.S.Bach
- Estudios op.37 H. Lemoine
- Piano Práctico Sánchez Peña
- Invention nº 1 *J.S Bach*
- Outras obras de características similares.-

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No referido aos criterios de avaliación das probas de acceso estarase ao disposto nos criterios de avaliación reflectidos nesta programación e correspondentes ao curso inmediatamente anterior ao que opte o/a aspirante, así coma aos criterios de cualificación expostos para cada grao aplicados ao curso ao que se desexa acceder.

Os criterios de cualificación nas probas serán os seguintes:

- Técnicos: 40% (Técnica, traballo, hixiene postural ...)
- Estéticos: 40% (Interpretación/ Son/ Resultado musical ...)
- Actitudinais: 20% (Carisma/Actitude/ Interese/ Comportamento...)

14.5 PREMIOS FIN DE GRAO

Poderán presentarse todos aqueles alumnos e alumnas do Conservatorio Profesional de Música de Carballo que finalizaran 6º de Grao Profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.

O concurso terá lugar ante un tribunal de tres membros único para todos os candidatos.

Os candidatos interpretarán unha obra ou obras dun nivel axeitado á categoría da proba.

Os candidatos presentarán tres copias de cada obra ao tribunal.

O tribunal, proposto pola dirección do centro, será publicado con antelación no taboleiro de anuncios do centro, así como os horarios exactos de celebración do concurso.

Os candidatos terán que aportar o seu pianista nas especialidades que así o precisen.

Tanto a selección como posibles concertos derivados desta convocatoria poderán ser gravados polo centro e empregados con fins pedagóxicos.

O tribunal terá plena liberdade para interrompirla interpretación dos candidatos cando o considere oportuno. A duración de cada intervención non superará os 20 minutos, e terá unha duración mínima de 15.

Criterios de avaliación

Interpretar as obras amosando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobaráse que o alumno ou alumna demostra unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarásese segundo os seguintes indicadores:

- Dificultade do repertorio
- Control do ritmo e medida das figuras
- Claridade e igualdade de dixitación
- Calidade do Son

Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas.

Con este criterio valorarásese o estilo interpretativo do alumno o alumna mediante os seguintes indicadores:

- Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra
- Adecuación sonora aos diferentes estilos
- Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación
- Corrección na execución dos ornamentos

Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto a movementos, notas e tempos. Con este criterio se comprobará o rigor do alumno ou alumna na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:

- Respeto dos aires e movementos
- Fidelidade nas indicacións agónicas e dinámicas contidas na partitura
- Exactitude na exposición das notas

Amosar as dotes artísticas e a unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno ou alumna mediante os seguintes indicadores:

- Capacidade de comunicación musical
- Concentración ao longo do recital